

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O PROXECTO SMARTIAGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que a Axencia Galega de Innovación asinou co Concello de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio, 26 de agosto de 2019, ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Regular as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Concello de Santiago de Compostela para colaborar no cofinanciamento da Fase de I+D do proxecto "SMARTIAGO" que se financia parcialmente con fondos do FEDER do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad (agora, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades) segundo as obrigas establecidas na cláusula cuarta do convenio de colaboración entre ese Ministerio e o Concello de Santiago, asinado o 4 de decembro de 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o 30 de decembro de 2015, a Axencia Galega de Innovación asinou co Ministerio de Economía y Competitividad (agora, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades) un convenio de colaboración para o fomento da Compra Pública Innovadora na Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, CPI). Entre os obxectivos deste convenio, recollidos na



cláusula Primeira, está o de "fomentar e incentivar a realización de actuacións de Compra Pública Innovadora por parte das distintas entidades de carácter público na comunidade autónoma de Galicia". Así mesmo, na cláusula Segunda, descríbense os compromisos das partes, entre os que está a "colaboración entre ambas entidades para identificar, seleccionar e financiar dentro da comunidade autónoma de Galicia, actuacións de I+D+i que incorporen unha parte relevante de CPI. No caso de actuacións cofinanciadas con cargo aos Fondos Estruturais e de Inversión Europeos, a colaboración axustarase en todo caso aos procedementos e criterios de selección de operacións aprobados polo Comité de Seguimento do correspondente Programa Operativo".

2. Que o Concello de Santiago de Compostela é un organismo de dereito público de acordo á definición contemplada no art.2.1.4 da Directiva 2014/24/UE *del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febrero de 2014*, sobre contratación pública y ten entre as súas funcións e competencias, recollidas no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, a xestión do alumado público, a recollida de residuos, a limpeza viaria, o tráfico, el estacionamento de vehículos e a mobilidade no ámbito municipal, ademais de todas aquelas designadas na Lei 7/1985 de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).
3. Que o 4 de decembro de 2017 o Concello de Santiago e o Ministerio de Economía, Industria, y Competitividad [agora, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades] (en adiante, Ministerio) asinaron un convenio de colaboración para cofinanciar o proxecto de Compra Pública Innovadora *Smartiagio* co obxectivo de contribuír á mellora dos servizos públicos a través do fomento da innovación empresarial desde a demanda.
4. Que, segundo se expón no convenio citado entre o Concello de Santiago e o MINECO:
 - O Ministerio analizou o proxecto que responde ás necesidades de desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia e considera que deben ser obxecto de cofinanciamento polo FEDER aqueles con maior capacidade de transformar os resultados da investigación en produtos e servizos de alto valor engadido, novos e sensiblemente mellorados, potenciando a transferencia dos resultados de actuacións científicas e tecnolóxicas a empresas produtoras de bens ou servizos. O Ministerio



valora a contribución do proxecto *Smartiago* ao desenvolvemento socioeconómico e á competitividade do tecido empresarial da contorna, así como á integración do sistema ciencia, tecnoloxía, empresa e á mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos innovadores.

- O Ministerio, en relación ao proxecto *Smartiago*, seguiu o procedemento establecido para a selección de operacións FEDER da Liña FID – Fomento da Innovación desde a Demanda y da Compra Pública Innovadora (Código de actuación DGIC-004 do Programa Operativo Crecemento Intelixente do FEDER) aprobado o 3 de maio de 2016.
 - O Ministerio considerou, dentro dos criterios de selección de operacións dos Fondos, que o proxecto *Smartiago* enmárcase dentro dos contemplados no obxectivo de difundir o coñecemento e da cooperación público-privada entre axentes científico-tecnolóxicos e empresas.
 - Que o Concello de Santiago de Compostela manifesta que a totalidade das actuacións irán encamiñadas á mellora dos servizos públicos universais, non de mercado e/ou que non xeren efectos de distorsión de mercado.
5. Que as actuacións recollidas no convenio asinado entre o devandito Ministerio e o Concello de Santiago de Compostela están organizadas en dúas fases:
- Fase de I+D.
 - Fase de Despregue das solucións conseguidas na fase de I+D
6. Que o convenio de colaboración entre GAIN e o Concello de Santiago de Compostela fai referencia ás actuacións da Fase de I+D que conta cun orzamento que ascende a 6.180.000 euros. GAIN achegará un importe máximo correspondente ao 10% do orzamento total, e dicir, 618.000 euros coa seguinte distribución: 2019 (100.000€), 2020 (210.000€) e 2021 (308.000€).
7. Que tendo en conta as características do proxecto de Compra Pública de Innovación que se cofinancia, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de



xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral para a promoción económica, a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ás actuacións de Compra Pública Innovadora recollidas na RIS3 Galicia co obxectivo de estimular as capacidades das administracións públicas galegas de adquirir produtos e servizos intensivos en coñecemento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Asdo.: Patricia Argerey Vilar

